

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021974	Fonteboa	Coristanco	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0631	Formación e orientación laboral	2022/2023	3	107	128
MP0631_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	3	45	54
MP0631_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	3	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PABLO RODRÍGUEZ JIMÉNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector agrario.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo profesionalizadores, en especial no referente ao sector agro-sanitario.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos de internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e na elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se poida acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector agrario a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector agrario.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Avaliación de riscos profesionais	IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS DE PROTECCIÓN	25	15
2	Planificación e prevención de riscos na empresa.	ELABORACIÓN DUN PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	29	15
3	Equipos de traballo	Eficiencia e participación responsable en equipos de traballo.	12	10
4	A relación laboral individual	Lexislación laboral dereito o traballo.	21	20
5	As relacións laborais colectivas	Determinación das condicións pactadas nos convenios e procedementos de solución de conflitos.	12	10
6	Seguridade Social	Acción protectora, continxencias, clases e prestacións.	16	15
7	Proceso de inserción laboral e aprendizaxe ao longo da vida.	Planificación de itinerarios profesionais, alternativas de formación e oportunidades de emprego.	13	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Avaliación de riscos profesionais	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector do transporte e a loxística.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector do transporte e a loxística.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en transporte e loxística.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en transporte e loxística.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en transporte e loxística.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

**Contidos**

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector do transporte e a loxística en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector do transporte e a loxística.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Planificación e prevención de riscos na empresa.	29

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en transporte e loxística.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en transporte e loxística.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.

**Contidos**

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Equipos de traballo	12

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en transporte e loxística, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector do transporte e a loxística segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral individual	21

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en transporte e loxística.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en transporte e loxística.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	As relacións laborais colectivas	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
ORepresentación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Novos contornos de organización do traballo.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Seguridade Social	16

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Proceso de inserción laboral e aprendizaxe ao longo da vida.	13

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en transporte e loxística.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en transporte e loxística
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en transporte e loxística.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en transporte e loxística.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en transporte e loxística.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Recoñecer os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
- Asumir a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- Identificar as situacións de risco máis habituais no contorno de traballo.
- Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Valorar a importancia dos hábitos preventivos.
- Valorar a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa.
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco.
- Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo.
- Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos.
- Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral
- Analizar o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
- Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio.
- Determinar as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración
- Valorar as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades.
- Principios de non-discriminación e de igualdade de oportunidades.
- Determinar a formación, as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título.
- Identificación das principais fontes de emprego e de inserción laboral.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A nota de cada avaliación será a suma de tres criterios:

- Os resultados das probas escritas que supondrán un 70% da nota.
- A participación en clase y el traballo diario, tanto na clase como na súa casa que terá una importancia do 20%.
- O comportamento do alumno así como a súa interese na integración no grupo e o apoio ós seus compañeiros que terá un peso do 10% na nota final.
- O 30% da nota que corresponde a proxectos, traballos, exercicios, asistencia, actitude, corrección ortográfica, etc, sólo se acumulará a la nota de la evaluación si nas probas escritas o alumno alcanza unha calificación de 4 puntos ou máis.
- Nos exames escritos será necesario contestar axeitadamente ó menos o 50% de tódolos contidos, sendo a calificación mínima o 5 para superar a proba.
- O número e datas das avaliacións axustarase á normativa oficial aplicable no centro.
- Para os alumnos que non acadaran os obxectivos previstos realizaranse actividades de apoio e probas de recuperación ó longo do curso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- a) As probas de recuperación levaranse a cabo con aqueles alumnos que non acadaran os mínimos de avaliación esixidos. Esta recuperación farase por medio de probas, similares ás anteriormente explicadas, e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando o profesor o considere oportuno, poderá facerse unha proba de recuperación por cada trimestre.
- b) En todo caso, os alumnos de 1º terán dereito a unha proba de recuperación final que se celebrará no mes de xuño e serán avaliados

coincidindo coa avaliación final de 1º curso. Esta proba considerarase superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Perderán dereito a avaliación continua aqueles alumnos que superen o 10% de faltas de asistencia ó módulo, sexan estas faltas xustificadas ou non. Neste caso procederase a realizar ós alumnos que se atopen en devandita situación un procedemento extraordinario de avaliación según os criterios establecidos polo Departamento de Formación e Orientación Laboral.

Este procedemento extraordinario de avaliación consistirá na superación de probas orales ou escritas ou unha combinación de ambas que abarquen a totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos.

Os alumnos de 1º curso, matriculados no módulo de FOL, que perderan o dereito á avaliación continua poderán asistir ás clases aínda que non poderán presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación.

Estes alumnos terán dereito a presentarse a una proba final que se realizará no mes de xuño, antes da avaliación final de 1º curso. Estes alumnos serán avaliados de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Remitímonos ao disposto no CAPÍTULO XI, artigos 48º e seguintes, do DECRETO 11472010, do 1 de xullo, por o que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no que se establecen os aspectos xerais do proceso de avaliación, os procedementos para a avaliación do alumnado e o establecemento das calificacións.

O profesorado avaliará, de forma individual e en equipo, tanto a aprendizaxe dos alumnos, como a súa propia práctica docente.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que

terá carácter sempre. Por este motivo será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para este módulo.

Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade, coincidindo co inicio de curso, informaráselles dos criterios de avaliación que se vaian aplicar para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como do nivel mínimo que se considere suficiente para alcanzar a avaliación positiva no módulo.

Respecto aos criterios de avaliación remitímonos ao recollido no apartado 6 da programación deste módulo.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba para comprobar a formación de base dos alumnos así como as súas capacidades. Esta proba consistirá nunha batería de preguntas sobre os contidos mínimos do módulo e outra sobre unha lectura e comentario de texto para situar os alumnos en relación co perfil profesional.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Na posta en práctica desta programación didáctica, podémonos atopar cunha gran diversidade entre os alumnos/ás non proceso de aprendizaxe - alumnado con necesidades educativas especiais, con altas capacidades intelectuais, con integración tardía ou ensino, ou por condicións persoais ou de historia escolar -, que a manifesta en situacións como: Existencia de alumnos con grande capacidade para aprender, fronte a outros que lles custa assimilar os novos coñecementos; diferentes niveis de motivación non proceso de aprendizaxe (alumnos que teñen capacidade para aprender pero non queren, fronte a outros que teñen pouca capacidade pero a mostran interesados); distintos estilos de aprendizaxe (sintético, analítico,

memoria visual/auditiva...), alumnos estranxeiros con dificultade para entende-o idioma, etc.

Ante esta situación, podemos tomar, entre outras, ás seguintes medidas para atender aos alumnos que presenten N.E de apoio educativo:

-Empregar metodoloxías diversas nas explicacións dous temas e exercicios.

-Potenciar atención individualizada.

-En todas ás actividades favorecerase a autonomía e ou traballo en grupo, (así ou alumno verá que pode resolver en por se mesmo os exercicios ou axudar ao grupo para que a resolva).

-Utilizaremos materiais didácticos non homoxéneos (dous que se deriven actividades variadas e con diferentes graos de complexidade).

-Traballárase cos alumnos mediante agrupamentos flexibles e con ritmos distintos.

Tamén contempláranse actividades de reforzo (para os alumnos que non alcancen os mínimos esixibles podendo realizar ata probas individuais), así como actividades de ampliación (para os alumnos con maior nivel de coñecementos).

Todo isto sen perxuízo do disposto no punto V. Alumnado con necesidades educativas especiais (artigos 12º a 15º referidos á flexibilización modular), recollido na Orde do 23 de abril de 2007, pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior. (D.O.G. do 7 de maio de 2007).

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Segundo o establecido no Decreto 191/2010, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ó Título de Técnico en Xestión Administrativa, o módulo de Formación e Orientación Laboral inclúese dentro dos módulos profesionais transversais, polo tanto este módulo xa é un conxunto de temas transversais.

Non obstante o anterior e como complemento da programación do módulo de FOL, ó longo do curso trátanse algúns dos seguintes temas, xa sexa a modo de debate, coloquio ou como tema obxecto de traballo por parte dos alumnos, traballo que realizarán a modo de actividade complementaria:

-O medio ambiente como patrimonio común.

-Respecto pola seguridade e a saúde tanto persoal como colectiva.

-A igualdade e a solidariedade.

-A ética profesional.

-A economía de mercado.

-A construción da Unión Europea.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos desta materia poderán realizar unha visita específica a empresas de transportes, de loxística, almacenaxe etc..., co obxectivo de completar a súa formación, comprobando como se leva adiante a actividade económica alí desenvolvida, cómo se organiza, etc.

Os alumnos deberán facer un traballo no que se reflecta o observado, no que recollan qué clase de empresa é desde o punto de vista xurídico, cal foi a "idea inicial" da que naceu esa empresa, etc.

Así mesmo, aproveitarase a coordinación entre este departamento e o de administración, xa que neste último si se prevé un bo número de saídas e actividades complementarias.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía de aula por mor da COVID-19

Dispoñer de aula virtual para o módulo (usarei Classroom de Google) e engadir ó alumnado desde o primeiro día. Utilización da ferramenta Meet para vídeo chamadas no caso de que un alumno teña dúbidas.

Practicar nas primeiras semanas na aula virtual ata comprobar que o alumnado se manexa con soltura e non ten problemas para descargar tarefas, facelas, subilas á aula e ver as correccións e avaliacións.

A partir de ese momento, seguirase a usar a aula virtual para actividades puntuais de forma que non se perdan as habilidades adquiridas.

Os contidos estarán subidos á aula virtual con unha anticipación de unha semana.

No caso de baixa, traspasarei a aula ó profesor/a substituto.

Un alumno/a falta a unha proba por causa xustificada, poderá facela antes da avaliación. Se a causa non é xustificada, perde o dereito a facer esa proba antes da avaliación.